

23 Venres / 21.00 h

**A PANADARÍA**

*Elisa e Marcela*



TEATRO



1901. A Coruña. Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo. Elisa transfórtese en Mario. Convértese no primeiro matrimonio lésbico de España.

Persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade son algúns dos avatares desta historia de amor a contratempo. A Panadaria, que na súa curta andadura ten xa importantes éxitos e recoñecementos, como o Premio da Crítica Galicia, recrean este suceso real, a través do humor e de números musicais, onde o verídico parece invento.

**Intérpretes:** Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman / **Iluminación:** Montserrat Piñeiro e Laura Iturralde / **Vídeo:** Alex Penabade / **Vestuario e caracterización:** Fany Bello / **Texto:** Esther F. Carrodeaguas, Gena Baamonde e A Panadaria / **Dirección:** Gena Baamonde.

**Duración:** 1 h 15 min  
**Público:** Maiores de 12 anos  
**Entrada:** 3 € / 2,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

25 Domingo / 18.00 h

**PITUSA SEMIFUSA**

*Pitusa semifusa e os estilos musicais*



EN FAMILIA MÚSICA



A banda Pitusa Semifusa presentará o seu novo disco, desta volta para aprender os estilos musicais: pop, folk, hip hop, funky, blues, swing, reggae e rock. Un espectáculo dinámico, divertido e participativo, onde os máis cativos poderán cantar e bailar.

Esta formación musical achéganos a un mundo cheo de matices musicais, e fai que a diversidade poida ser valorada polo público asistente.

**Intérpretes:** Marta Bravo (voz), Olga Brañas (teclado e pandeireta), Brais Morán (guitarra e voz), Pablo Vidal (baixo e contrabaixo), Carliños Freire (batería e percusión) e Andrea Picos.

**Duración:** 50 min  
**Público:** a partir de 3 anos  
**Entrada:** 3 € / 2,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

2 Venres / 21.00 h

**ROCKARBALLO**

*AMENAZA DE MUERTE, STROBOS, SONSEIS+ e VERSIÓN IMPOSIBLE*



MÚSICA



A cita musical das bandas carballeas por excelencia. Rockarballo volta de novo coas pilas cargadas e con moitas gañas de ofrecernos a música en vivo que estas agrupacións van creando e arranxando ao longo do ano.

Música global onde se mesturan as agrupacións máis clásicas coas máis alternativa, par para seguidores/as do rock & roll, metal, rock fusión, pop e música electrónica, unha oportunidade única para escoitar a evolución e creatividade destas agrupacións, así como á música que interpretan. Toda unha aposta pola diversidade musical na que versións de cancións xa coñecidas, e novos temas de sinatura propia, completarán o programa desta nova cita coas músicas máis actuais.

**Duración:** 2 h  
**Público:** Todos  
**Entrada gratuita até completar aforo**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

9 Venres / 21.00 h

**TEATRO DO ATLÁNTICO**

*Helena: xuízo a unha lurpia*



TEATRO



Quen escribe a historia, bela Helena? Estamos no século XXI. Helena xa non é fermosa, senón unha muller con signos do implacable paso do tempo. A súa travesía vital na que se mesturan a paixón da amante, do desafío e o rancor ao seu pai, da impotencia fronte á guerra, é referida ao público nun relato intenso, cheo de tenrura, de humor, de berro e de dignidade.

O autor do texto, Miguel del Arco, un dos dramaturgos máis importantes da escena nacional, consegue que Helena de Troia fale en tempo presente da dignidade, da xustiza e da igualdade, e da denuncia contra a violencia de xénero e os abusos de poder.

**Intérprete:** María Barcala / **Escenografía:** Baltasar Patiño / **Vestuario:** Susa Porto / **Deseño de iluminación:** Baltasar Patiño e Xúlio Lago / **Música e espazo sonoro:** Anxo Graña / **Tradución:** Inma L. Silva / **Axudante de dirección:** Lucía Regueiro / **Dirección:** Xúlio Lago / **Autor:** Miguel del Arco.

**Duración:** 1 h  
**Público:** Adulto  
**Entrada:** 3 € / 2,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

11 Domingo / 18.00 h

**TANXARINA**

*A galiña azul*



EN FAMILIA MONICREQUES



Lourenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita. É unha galiña moi bonita e rara, que ademais pon ovos de cores. E ten moi preocupadas as autoridades, xa que non di caracá como as outras galiñas, senón que día cocorocó.

A *Galiña Azul*, obra clásica da literatura infantil galega, fala da diversidade e da solidariedade, onde o se empregarán técnicas de manipulación de bonecos e de traballo actoral.

Baixo a dirección e adaptación de Cándido Pazó, este texto de Carlos Casares cobra vida neste novo espectáculo dunha das compañías máis importantes de marionetas en Galicia, Tanxarina Teatro.

**Duración:** 50 min  
**Público:** familiar  
**Entrada:** 3 € / 2,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

16 Venres / 21.00 h

**DE VACAS**

*De vacas*



MÚSICA



Son catro vacas. Catro vacas que rin e cantan. Catro vacas que cantan en todos os idiomas do mundo, que aman os nosos poetas, que rescatan retrousos esquecidos, tarareos que foron populares nas voces de importantes estrelas como Mónica da Laranxeira ou Cristina da Agueira.

Este cuarteto musical, De Vacas, regresa a Carballo coas versións de temas venerados polas masas e maltratados pola historia, serán rescatados grazas ao un novo estilo fresco e divertido co que emocionarse e rir realizarase a partes iguais. Puro deleite musical. Ven pacer con elas!

**Intérpretes:** Paula Romero, Inés Salvado e Faia Díaz (voces) e Guillermo Fernández (guitarra)

**Duración:** 1 hora 15 min  
**Público:** adulto  
**Entrada:** 5 € / 3,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

18 Domingo / 18.00 h

**ELEFANTE ELEGANTE**

*Danza da choiva*



EN FAMILIA TEATRO XESTUAL



Que acontecería se de súpeto deixase de chover? Non durante un mes ou un ano, senón para sempre?

Dúas personaxes, que cultivan verduras e cereais, decátanse que non lles queda auga para regar. O tempo pasa e segue sen chover. O lugar está agora seco e deserto. Bailan unha danza da choiva.

Espectáculo cómico e sen palabras onde conviven o teatro xestual, a danza, a manipulación de obxectos e os marionetas, cunha posta en escena moi visual e poética.

Elefante Elegante regresa ao escenario carballés para presentarnos o espectáculo co que acadaron o **Premio María Casares 2017** ao Mellor Espectáculo Infantil.

**Intérpretes:** María Torres e Gonçalo Guerreiro / **Deseño de iluminación:** Dani Pais / **Vestuario:** Marcia Edleditsch / **Deseño de son e música:** Mano Panforreiteiro / **Coreografías:** Ánxela Blanco / **Autoría, dramaturxia, escenografía e dirección:** María Torres e Gonçalo Guerreiro.

**Duración:** 50 min  
**Público:** a partir de 3 anos  
**Entrada:** 3 € / 2,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios

23 Venres / 21.00 h

**IBUPROFENO TEATRO**

*Casa O'Rei*



TEATRO



Manolo Rei prepara un cocido e reúne á familia. A comida sempre é unha escusa, para repartir a Casa entre as súas tres fillas. Pero o familia sáelle cheo de traizón e desprezo, intragable polo amargor. O tempo, o destino e o Burger King son implacables coa sorte dos mortais que non saben seleccionar os ingredientes axeitados para elaborar as receitas da súa vida.

Ibuprofeno completa con *Casa O'Rei* a súa triloxía gastronómica, xunto co *O Furancho e Raclette*. Santiago Cortegoso propón un xogo dramaturxico a partir do Rei Lear de Shakespeare, ambientado nunha típica Casa de comidas galega.

**Intérpretes:** Miguel Borines, Victoria Teijeiro, Marián Bañobre, Teté García, Víctor Mosqueira e Xosé M. Esperante / **Deseño de escenografía:** Pablo Giráldez "Pastor" / Banda sonora: Caxade / **Deseño de iluminación:** Salvador del Río / **Vestuario:** Marián Bañobre / **Dirección e autoría:** Santiago Cortegoso.

**Duración:** 1 h 30 min  
**Público:** Adulto  
**Entrada:** 5 € / 3,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



Organizan:



CONCELLARÍA DE CULTURA



Colaboran:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Deputación DA CORUÑA




# EXPOSICIÓNS

HORARIO DE APERTURA  
De luns a domingo, de 17.00 h a 21.00 h

Do 8 de febreiro ao 11 de marzo

## AULA K Áspero

Andar -1 do Pazo da Cultura



Mostra fotográfica do Colectivo Aula K, Asociación con sede na Coruña cunha traxectoria de máis de 20 anos a prol da divulgación e da ensinanza da fotografía e do audiovisual.

ÁSPERO é unha achega aos aspectos máis afastados do confort e amabilidade que ten a nosa contorna. Unha reflexión sobre a estética do rugoso, o incómodo, o rasgado... desde o pasmo da descreza, até a inseguridade dos lugares comúns na arte fotográfica. Un encontro con espazos, expresións, corpos, seres e obxectos dos que, xeralmente, ou fuximos ou lles quitamos fotografías. Máis de 30 instantáneas da man de Ángel Cordero, Antón Varela, Lupe Vázquez, Alfredo Varela, A. Barrio, Basti Soto, Bruno Area, Carolina Lorenzo, Laura Cotel, Pablo Santiago e Paola Velo.

Organiza: Concello de Carballo e Asociación Cultural Aula K

Do 16 ao 27 de marzo

## XI CERTAME DE ARTESANÍA ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Andar -1 do Pazo da Cultura



Mostra das obras seleccionadas no XI Certame de Artesanía Antonio Fraguas Fraguas organizado pola Deputación da Coruña. O galardón que consta de dúas modalidades, artesanía tradicional e contemporánea, ten como fin pór en valor e axudar a difundir a artesanía de Galicia sendo un referente para todos os artesáns galegos.

A exposición destaca pola gran variedade de disciplinas e modalidades, e mestura pezas máis arraigadas con novas creacións, incluso pezas a partir de refugallo. Pódense apreciar traballos de xoiaría, cerámica, cestería, escultura ou costura, entre elas as gañadoras, que nesta edición reacaeron en: na categoría de Artesanía Tradicional foi para o artesán Pablo Carpintero coa súa "Reproducción funcional da gaita de fol da Cantiga 350 das Cantigas de Sta. María", e na categoría de artesanía contemporánea Lidia Nieves Domínguez pola obra "Xogueite".

Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo

# OUTRAS PROPOSTAS

## > PROGRAMA APEGO

Actividades para a socialización en galego da infancia

28 febreiro / 18.00 h

### As aventuras de mamá cabra

Contacontos musical de Gloria Mosquera e Iago Rodríguez. Con inscrición previa

15 marzo / 18.00 h

### Radio Bulebule

Concerto infantil de Paco Nogueiras. Entrada con convite

### ADEMAIS...

Contacontos e nanocontos, obradoiros e charlas para pais e nais, obradoiros para nenos e nenas... no Pazo da Cultura, na Biblioteca Rego da Balsa e na Ludoteca Municipal.

Consultar información completa en [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal) ou [www.apego.gal](http://www.apego.gal)

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística

## > CONCERTOS DO CONSERVATORIO

14 marzo / 19.00 h

Concerto de piano e da Orquestra de Jazz do Conservatorio. Entrada libre

21 marzo / 19.00 h

Concerto de Primavera do Conservatorio. Entrada libre

## > XX CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Tema libre. Branco e negro ou cor  
3000 euros en premios  
Remate do prazo de entrega de obras: 3 de abril

# PROXIMAMENTE

Do 13 ao 28 de abril

## XVI PRIMAVERA ENDANZA

O ciclo de danza contemporánea regresa un ano máis ao escenario do auditorio do Concello de Carballo para achegarse á danza e incluír espectáculos de compañías galegas e de fóra de Galicia, tanto para persoas adultas como para público familiar.

Do 23 ao 27 de abril

## XIII SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

Exposición e actividades de animación á lectura

Do 4 ao 7 de abril

## V CARBALLO INTERPLAY

Festival de contidos dixitais

# +INFO

Todas as actividades teñen lugar no Pazo da Cultura de Carballo

## ENTRADAS

Debido á limitación do auditorio, se é necesaria a reserva previa, comunicárase coa antelación posible.

**VENDA DE ENTRADAS:** no despacho de billetes do Pazo da Cultura, unha hora e media antes do inicio da actuación.

**RESERVA DE ENTRADAS:** no teléfono 981 704 300, ou na Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), habitualmente dende 15 días antes da celebración dos espectáculos. Límite: 4 entradas por persoa.

**DESCONTOS:** Nalgúns espectáculos aplicáranse prezos reducidos a determinados colectivos que deberán acreditar debidamente a súa circunstancia especial: estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos e menores de 12 anos.

## BONOS

Para os días 23 de febreiro, 9, 16 e 23 de marzo

• Bono ordinario: 13 €

• Bono especial con prezo reducido: 10 € (para estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos e menores de 12 anos)

• Data de inicio de venda de bonos: 7 de febreiro

• Lugar e horario de venda de bonos: Oficinas da Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), de 11.00 h a 14.00 h.

## INFORMACIÓN

Pazo da Cultura | Rúa do Pan s/n  
15100 Carballo | Tfno.: 981 704 300  
[cultura@carballo.org](mailto:cultura@carballo.org) | [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

### • PRÉGASE PUNTUALIDADE.

UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN NON SE GARANTE O ACCESO Á SALA

### • ESTA PROGRAMACIÓN PODERÁ SUFRIR ALGUNHA MODIFICACIÓN (NOVOS ESPECTÁCULOS, DATAS, ENTRADAS...)

QUE SE COMUNICARÁ COA MÁXIMA ANTELACIÓN POSIBLE

• ESTE PROGRAMA CONTÉN ESTIMULANTES

• LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS DE USO

• RECOMÉNDASE DEIXAR AO ALCANCE D@S NEN@S

• EN CASO DE DÚBIDA CONSULTE O WEB [WWW.CARBALLO.GAL](http://WWW.CARBALLO.GAL)

# CALENDARIO




ESPECTÁCULOS  
INCLUIDOS NO BONO




8 FEB a 11 MAR  
Aula K



23 FEBREIRO  
A Panadaría




25 FEBREIRO  
Pitusa semifusa



2 MAR  
Rockarballo



9 MAR  
Teatro do Atlántico



11 MAR  
Tanxarina



16 a 27 MAR  
Certame de artesanía



16 MARZO  
De Vacas



18 MARZO  
Elefante elegante



22 MARZO  
Ibuprofeno Teatro

# VENRES CULTURAIS

2018 mg  
Culturalina

Programación febreiro-marzo

